



# MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Filosofía

Curso Académico: 2017/2018

## Índice

1. Introducción .....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	3
3. Plan de Melloras do Centro .....	21
4. Anexo: Informes de seguimento .....	58

## 1. **Introdución**

Esta Memoria de Calidade do curso 2017-18 elabórase en cumprimento do compromiso da Facultade de Filosofía co desenvolvemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC).

No curso 2017-18 os títulos adscritos a este Centro (Facultade de Filosofía da USC) que son o ámbito de aplicación do SGIC son: (a) Grao de Filosofía e (b) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

### *A) Grao de Filosofía.*

Verbo do Grao de Filosofía, o máis salientable do SGIC foi:

(a) o proceso de Avaliación para a Renovación da Acreditación (polo período 2009-16) que se executou favorablemente no curso 2016-17.

(b) a execución do Plan de Viabilidade, en aplicación dende o curso 2015-16 e arquivado no curso 2017-18 por terse acadado o incremento de matrícula que perseguía, superando con solvencia os 55 alumnos do curso 2016-17 (tal e como se detalla no Autoinforme de seguimento do Grao de Filosofía 2017-18).

(c) a execución das Accións de Mellora (AM) que se contemplan nesta Memoria de Calidade e que constitúen o Plan de Melloras 2017-18 así como as Accións de Mellora propostas para o curso 2018-19, como solución de continuidade das melloras implantadas e introdución de novos elementos de mellora. Todas estas Accións, referidas explicitamente no apartado 3 desta Memoria, están baseadas (i) nas recomendacións do Informe de Avaliación de Acreditación, (ii) no marco do Plan de Viabilidade; (iii) nas suxestións feitas polos diversos grupos de interese do Centro (PDI, PAS, estudantado e egresados).

### *B) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.*

Polo que respecta ao "Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía", cómpre lembrar que se impartiu por primeira vez no curso 2016-17 e dado este curto período de funcionamento só contamos cun único Informe de Seguimento (*vid.* apartado 4 de esta Memoria), no que recolleemos a boa proxección das Accións de Mellora levadas a cabo no 2017-18, resultado dos procedementos de coordinación e autoavaliación dispostos pola Comisión de Calidade enmarcados no SGIC.

O SGIC é unha ferramenta para propiciar a mellora continua das titulacións adscritas á Facultade de Filosofía, perseguindo a consecución de niveis de calidade que permitan a Renovación periódica da súa Acreditación, conforme ao disposto no RD 1393/2007 e no RD 861/2010.

O Sistema de Garantía Interno de Calidade resulta da adaptación ao noso Centro do SGIC marco da USC, o cal é deseñado a súa vez conforme ao modelo das Axencias de Calidade, tanto nacional como autonómica (ANECA e ACSUG). O 22/02/2018 a Comisión de Calidade e Planificación, por delegación do Consello de Goberno da USC, aprobou unha modificación parcial do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) reducindo algúns indicadores do Sistema, para o cal dispuxo que a Área de Calidade (USC) contactase cos Centros e guiase esta adaptación. O noso Centro, a Facultade de Filosofía, tras a recepción deste comunicado, recibirá estas novas disposicións na reunión cos responsables da Área de Calidade que terá lugar o 3 de xuño de 2019.

## 2. **Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade**

Tomando como marco de seguimento o "mapa de procesos" do "Sistema de Garantía Interno de Calidade" (SGIC), pasamos a salientar aqueles aspectos que foron especialmente significativos polas melloras que xeraron no curso 2017-18.

### *(A) Planificación das Ensinanzas.*

1- Dentro da "Planificación das ensinanzas", en referencia concreta á **PC-02 Planificación das materias**,

constatamos o gran esforzo realizado polo Centro para homoxeneizar as Guías Docentes de todas as materias das nosas Titulacións. A pesar de non estar establecido como obriga na USC, o noso Centro tomou a iniciativa de facer unha Guía Docente específica para cada materia, tanto de Grao como de Máster, e poñela á disposición de todo o alumnado con acceso directo a ela a través da páxina web da Facultade. Esta iniciativa, non só mellorou a "información pública" dos nosos estudos (como sinalaremos no último apartado desta Memoria), senón que tamén implicou a introdución no Centro dun estándar de mellora na programación de cada materia e especificamente de aspectos como a formulación de competencias e a precisión de criterios e porcentaxes de avaliación, -non só de contidos, senón tamén das competencias sinaladas- así como tamén a introdución de sistemas de avaliación específicos para o sector do alumnado que ten concedida, por razóns xustificadas, a "exención de asistencia". Por tanto, consideramos especialmente relevante o esforzo do Centro neste compromiso coa Coordinación en prol da mellora e uniformidade nas Guías Docentes, que **no curso 2017-18** logrou concretamente unha maior precisión, conseguindo que todas as Guías Docentes do Centro fixeran referencia explícita á correspondencia da avaliación, -non só cos contidos, senón tamén coas competencias sinaladas- e que, ademais, en todas as Guías, como sinalamos, se precisase o modo de avaliación para o alumnado obxecto de "dispensa de asistencia". En consecuencia, segundo o **PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas**, constatamos que o Centro ten traballado na mellora e homoxeneización dos Programas e das Guías Docentes de todas e cada unha das materias das nosas dúas Titulacións, de Grao e de Máster.

En conclusión, á vista dos Autoinformes 2017-18, consideramos que os Plans de estudos, tanto de Grao como de Máster, se desenvolveron con total normalidade seguindo a oferta de materias prevista na MVT, cumprindo sempre coa *ratio* de optatividade necesaria. En canto ao desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes empregadas, así como sistemas de avaliación, non se observaron, durante o curso 2017-18, incidencias negativas significativas, xa que se desenvolveron conforme ao establecido na Memoria de Verificación (MVT) e, máis concretamente, cumprindo o especificado nas correspondentes Guías Docentes das materias das Titulacións.

2.- No que se refire á "Coordinación da actividade docente" (**PC-02**), constatamos no caso do Grao que, en relación a unha serie de carencias detectadas na coordinación -tanto horizontal como vertical- procedemos no curso 2017-18 a deseñar a **AM-03. 2017-18** pola que asumimos un reforzo do "programa de coordinación" (plantexado no curso 2016-17). Se no curso 2016-17 procedeuse ao nomeamento dun coordinador/a por curso, será no curso 2017-18 cando se converte en protocolo a celebración de dúas reunións periódicas (de seguimento e valoración), tanto co alumnado como co profesorado das Titulacións, para analizar as estatísticas da avaliación das materias, os elementos máis relevantes do desenvolvemento do mesmo e corrixir os aspectos disfuncionais detectados no mesmo. (Este mesmo protocolo se aplicou tamén no Máster, coas debidas adaptacións que implica o beneficio de contar con profesorado de diversas áreas e Centros alleos ao noso). Unha medida específica que se ven levando a cabo con ocasión destas reunións, e atendendo á solicitude do alumnado, é a elaboración dun calendario de actividades para cada semestre de cada curso académico no que se reúnen as datas das diferentes tarefas das diversas materias do curso de tal xeito que se pode facer unha distribución equilibrada do traballo do alumnado, proponendo alternativas cando se detectan varias coincidencias na mesma data. Os informes das reunións celebradas están dispoñibles nas aulas de coordinación do Campus virtual e a súa vez, conforme ao **PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas**, estes informes son remitidos ao Coordinador de Grao, quen a partir dos informes dos catro cursos emite un informe final, que reparando naqueles aspectos máis salientables, pode elevarse á valoración por parte da Comisión de Calidade do Centro así como respectivamente pola Comisión Académica do Máster, e cuxas valoracións se recollen tamén nos respectivos Autoinformes de seguimento de Grao e de Máster 2017-18 (Vid. Anexos).

En virtude do sinalado, consideramos que as nosas Titulacións contan con mecanismos de coordinación, sempre mellorables, pero que nos permiten facer un axeitado seguimento do correcto desenvolvemento dos Plans de estudos e da adquisición das competencias, tanto xerais como específicas, por parte do noso alumnado.

Cabe salientar nesta Memoria que no curso 2017-18 o Centro segue a manifestar o seu compromiso con este concepto, xa que mantén vivas todas as iniciativas adoptadas en anos anteriores e amplía as súas aplicacións. De feito, constatamos que existe unha Coordinación, tanto vertical como horizontal, no seguimento dos Plans de estudos, que comeza cos profesores/as coordinadores de materia (no caso daquelas materias que son impartidas por máis dun único docente), continúa polos catro profesores/as coordinadores de cada un dos catro cursos do plan de estudos e culmina cos profesores Coordinador de Grao e de Máster, en relación directa co equipo Decanal para asuntos de Calidade. Todos eles traballan en equipo cando se localizan aspectos disfuncionais ou na procura de espazos de mellora para as nosas Titulacións, constituíndo os activos do "plan de reforzo de coordinación" do Centro. Exemplos deste compromiso, durante o **curso 2017-18**, son que o profesorado do Centro directamente implicado na Coordinación

(Coordinadores de curso, Coordinador de Grao e o equipo Decanal) favoreceu a cooperación entre o profesorado das distintas materias: no caso do Grao hai tres materias de primeiro curso do segundo semestre que traballan de xeito coordinado algúns contidos, competencias e avaliación (a través dunha experiencia de "cine-forum") ou no caso do Máster hai dúas materias traballadas e avaliadas transversalmente. O Centro ten moi presente o valor positivo destes casos e insiste en promover máis experiencias neste eido. Ademais, segue a reforzar a Coordinación con outras áreas de coñecemento afíns, especialmente pola alta participación de docentes doutras áreas de coñecemento no Máster, para reforzar a proxección da Filosofía como especialidade transversal e complementaria, levando a cabo fórmulas de cooperación con outras disciplinas e promovendo actividades como por exemplo a programación do "ciclo de cine", motivado pola **AM7 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18**. Cómpre tamén lembrar a **AM6 (Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18)** na que, traballando nesta liña de cooperación, se procuraba estender a capacidade de coordinación ao proceso de elaboración e defensa do TFG e que se continúa no presente curso 2018-19 (AM-05. 2018-19) de xeito que poidamos axustarnos máis a duración dos estudos de Grao estipulada na MVT en catro anos e, en consecuencia, tender a consolidar a nosa "Taxa de rendemento".

O Centro tampouco desatendeu esta fórmula de coordinación aplicada noutros sectores "externos". Así, na **AM2 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18**, motivou grupos de discusión cos "egresados", que permitisen obter maior información sobre os nosos ámbitos de inserción profesional e maior visibilidade social da nosa Titulación. Continuando esta liña de traballo, cabe salienta o traballo de coordinación que a dirección do Centro levou a cabo con diversas Institucións sociais, políticas e culturais, que culminou neste curso 2018-19 coa sinatura dos correspondentes "Convenios de prácticas" e a súa implementación no Plan de estudos.

En conclusión, á vista do sinalado e do manifestado nos Autoinformes de seguimento, constatamos que os mecanismos de coordinación, sen prexuízo de mellora, funcionan axeitadamente, tal e como se manifesta, cando menos, co "reforzamento de coordinación de cursos" (**AM.03 2017-18**) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado de cada curso, velando por que os distintos "grupos de interese" participen activamente na mellora e desenvolvemento das nosas Titulacións. No curso 2017-18 puidemos comprobar que se seguen a cumprir tanto os obxectivos manifestados na Memoria de Verificación do Título (MVT) como as competencias establecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Neste eido, constatamos que o Centro desenvolve unha serie de costumes xa implantadas encamiñadas a reforzar a adquisición de competencias e cumprimento de obxectivos por parte do noso alumnado:

(i) O Centro pon especial énfase na participación do alumnado nas sesións interactivas, nas que teñen que expoñer traballos ou comentar textos seleccionados, o que favorece a adquisición das competencias tanto xerais como específicas.

(ii) Ademais, a diferenza doutros Centros que optan por formas de avaliación máis xerais, nós mantemos a obriga de defender TFG publicamente ante un tribunal formado por tres profesores/as do Centro, o que tamén permite reforzar as habilidades que se supón debe adquirir o noso alumnado así como avaliar o nivel de adquisición das mesmas.

(iii) O progresivo incremento do uso do Campus Virtual por parte do profesorado está resultando ser un apoio importante para reforzar o traballo persoal do alumnado; por exemplo, mediante a creación de foros de discusión e realización de exercicios en grupo que se está dando nalgunhas materias.

(iv) as reunións de coordinación, nas que os distintos coordinadores/as reúnen tanto cos representantes do alumnado como cos docentes de cada curso, contribuíu notablemente a mellorar o rendemento do alumnado e a eficacia dos/as docentes. Consideramos que todo isto leva a unha adquisición máis eficaz e segura dos obxectivos establecidos no Informe de Grado e polo MECES.

#### *(B) Docencia.*

No relativo aos elementos máis directamente relacionados coa docencia, debemos salienta cando menos tres liñas de traballo importantes:

1. Na captación de alumnado, conforme ao **PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación**, desenvolvéronse unha serie de accións que axudaron a mellorar a proxección social das nosas Titulacións, incluíndo esforzos na ampliación de espazos de profesionalización para os nosos estudantes egresados/as, o que, sen dúbida, promoveu un notable incremento do número de matrícula nas nosas Titulacións.

Durante o curso 2017-18, o Centro reforzou, nesta liña, as tarefas de difusión das Titulacións, tanto de Grao como de Máster, non só a través da distribución de cartelería polos Centros de Ensino Secundario e por outras Institucións tanto galegas como fóra de Galicia (**AM-01. 2017-18**), senón tamén participando nas distintas actividades do "Programa

A *Ponte*" (conferencias en IES e recepción de visitas no Centro), e mesmo actualizando, especialmente no caso do Máster, a súa Web propia, promovendo para o curso 2018-19 a procura de mellora do seu posicionamento web (AM-01. 2018-19).


Xa no curso 2016-17, a través da AM-01 dese curso, o Centro traballaba na elaboración de material informativo para grupos de interese acerca dos estudos de Filosofía e das posibles saídas profesionais dos egresados e egresadas. Naquel ano, unha consultora xestionada por egresados/as da Facultade abordou unha aproximación á localización e presenza de contidos e perfís-competencias da Titulación de Filosofía en diversas Institucións culturais e académicas. Posteriormente, no **curso 2017-18** procedeuse á adaptación dese material informativo a un formato de documento-texto para ser incorporado á páxina Web do Centro; especificamente incorporouse na etiqueta de "Saídas Profesionais". Deste xeito, evidenciamos o cumprimento do **Plan de Melloras da USC 2017-18**, que na súa AM7 procuraba "mellorar e dar maior visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisión do alumnado". Polo demais, esta tarefa segue sendo un compromiso do Centro para o curso 2018-19, que a través do seu Decano, participa no documento marco de traballo común a todos os Centros de Filosofía iniciado na Mesa de Debate "La empleabilidad de los egresados" en las XXVII Conferencia de Decanatos de Artes y Humanidades.

Entendemos que as accións sinaladas, xunto coas iniciativas que a continuación comentamos máis polo miúdo nesta Memoria, favoreceron fortemente o ininterrompido aumento de matrícula nas nosas Titulacións. As Accións de Mellora, descritas nos Autoinformes de Grao e Máster, especificamente orientadas á captación de novo alumnado, desenvolveron iniciativas que reforzan a visibilidade dos nosos estudos para a sociedade. Así, puxemos especial interese en potenciar o carácter da Filosofía: como unha especialidade en si mesma con perfil docente e investigador, pero tamén polo seu valor formativo con tendencia profesionalizante (*vid.* a apertura de novos espazos profesionais para os nosos egresados/as a través das "prácticas externas"), e polo seu carácter transversal como título complementario doutras titulacións de grao e máster. Entendemos que este carácter "transversal" da Filosofía oferta unha "maior visibilidade aos estudos de filosofía", tal e como se manifesta na **AM 7 (Plan de Mellora do Grao 2017-18)**, cunha actividade destinada (por horarios, metodoloxía e formato) especialmente para "ao alumnado exterior ao Centro", co propósito de reforzar o aumento constante que entendemos como moi positiva de contar cada ano entre o noso alumnado de Grao con estudantes que veñen de, ou con, outras titulacións.

Alén do contemplado no Plan de Viabilidade, executáronse outras Accións de Mellora moi concretas, promovendo efectos positivos sobre as nosas Titulacións, que non só se evidencian na referida tendencia á alza da matrícula. Algunhas destas Accións de Mellora acabaron consolidándose finalmente como protocolos e procedementos habituais de funcionamento dos Títulos e do Centro. En especial cabería destacar aquí aquelas destinadas a favorecer á proxección social das nosas titulacións: o Día da Filosofía, a Semana da Filosofía Xoven ou a Olimpíada Filosófica son exemplos que aglutinan no noso Centro a presenza dun gran número de estudantes de Ensino Secundario, e de diversos "grupos de interese", que aproveitan para establecer un primeiro contacto non só co noso Centro, senón tamén co PDI do mesmo, moi implicado no desenvolvemento destas actividades en estreita colaboración co profesorado de Ensino Medio.

Matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G-PC-05):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>58,00</b>	<b>39,00</b>	<b>39,00</b>	<b>51,00</b>	<b>55,00</b>	<b>73,00</b>



A Facultade de Filosofía non reduciu os seus esforzos de proxección social do valor das súas Titulacións, senón que elaborou material divulgativo sobre a presenza do noso Centro no ámbito cultural, académico e social, que actualmente áchase inxerido na páxina Web do Centro, especificamente nos capítulos de "presentación" e "saídas profesionais" da nosa titulación. En continuidade con este labor, demos cumprimento á **AM1 (Plan de Melloras do Grao 2017-18)**, procedendo a ampliación de "material informativo para grupos de interese acerca da filosofía como disciplina", e tamén conforme á AM1 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) procederase á "difusión destes materiais a través da páxina web do Centro". Pódese así observar o carácter constante desta liña de acción, continuada no tempo, que pon de manifesto o noso compromiso coa ampliación da proxección da Filosofía na sociedade. Neste eido, co obxectivo de proxectar a temática da Filosofía sobre a sociedade, promovéronse unha serie de Conferencias periódicas sobre temas transversais á filosofía, ou da filosofía, precisamente impartidas por especialistas doutros Centros na nosa Facultade, evidenciándose así a permeabilidade social do saber filosófico verbo doutras especialidades académicas. Tamén nesta mesma liña de traballo, na **AM7 (Plan de Melloras do Grao 2017-18)** procedeuse (con éxito de público) a realización dun Ciclo de "Cine e Filosofía" de xeito que, utilizando a universal linguaxe cinematográfica, abriuse a oportunidade de debater sobre temáticas de calado filosófico cun amplo abano de persoas de diversas especialidades. Deste xeito, insistimos non só no carácter transversal da Filosofía, senón que tamén consecuentemente conseguimos atraer ao noso Centro a un público moi diverso. Consideramos que estas Accións de Mellora, entre outras descritas nos Autoinformes de Grao e Máster, son exemplos de reforzo da visibilidade dos estudos de Filosofía, especialmente polo que toca ao alumnado doutros Centros.

Mais a proxección das nosas Titulacións non foi só traballada no "eido social", senón que tamén promovemos algunha Acción dirixida especificamente ao ámbito académico. En canto a proxección do noso Centro a nivel académico cómpre ter en conta que se trata dun Centro relativamente pequeno en termos cuantitativos verbo doutras Titulacións da USC. Sen embargo, tamén é certo que somos o único Centro coa titulación de Grao de Filosofía no SUG e entendemos que esa singularidade, sempre avalada por estes índices de calidade, debe implicar unha natural proxección da Facultade sobre o entorno académico máis inmediato. Entendemos que a presenza da Filosofía no conxunto de disciplinas singulares presentes no SUG podería situarnos na actual configuración do proxecto institucional que se manifesta no

Campus da Cidadanía. En relación con iso, cabe salientar que o noso Centro promoveu interdisciplinarmente a incorporación de PDI doutros Centros na impartición de contidos do título de Máster, subliñando o feito de que o noso título de Máster en Filosofía ten precisamente no seu subtítulo a denominación de "Coñecemento e Cidadanía".

En conclusión, constatamos o esforzo do Centro no traballo de "captación de alumnado". Unha evidencia deste feito é a **AM1 (Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2017-18)** pola que, anticipándonos a un posible "escaso coñecemento da Filosofía como opción formativa" entre o noso potencial alumnado, o Centro elaborou un material informativo acerca da Filosofía como disciplina e das súas posibles "saídas profesionais" que finalmente difundiu a través da súa páxina web. Unha segunda evidencia é que nesta mesma liña de traballo, complementando esta AM1 2017-18, o Centro propuxo a extensión daquela "elaboración de material informativo de carácter xeral e tamén divulgativo" neste caso sobre as grandes áreas de coñecemento da Filosofía tal e como se recolle na AM-01 (Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19). Unha terceira evidencia, é que foi activado un gasto orzamentario dedicado a fomentar o desenvolvemento de "actividades transversais" (**AM-07. 2017-18**) que redunden na visibilidade social do noso Título tal como o "Cine-forum", o "Ciclo de cine", as "Conferencias periódicas sobre temas de actualidade", o ciclo de "Filosofía Xoven", a "Olimpiada Filosófica", etc. Así mesmo, e para constatación de que a proxección das nosas Titulacións segue a ser un eixo clave para nós, o Centro continúa a favorecer a súa "comunicación externa" e "interna" coa sociedade (AM4 e AM5 do Plan de Melloras do Centro 2018-19). Entendemos que todas estas Accións, no seu conxunto e en cohesión entre elas, favoreceron notablemente a consecución do incremento de matrícula que obtiveron as nosas Titulacións, conseguindo mesmo deixar en suspensión o Plan de Viabilidade anteriormente iniciado.

2.- A titoría e orientación do estudantado das nosas Titulacións, conforme ao **PC-03 Apoio a estudantes**, ten implicado ao Centro no desenvolvemento dun "Plan xeral de acollida e orientación de estudantes", cuxo principal propósito é facilitar a adaptación do alumnado de primeiro curso ás dinámicas dos estudos universitarios e, en consecuencia, contribuír a unha redución da "taxa de abandono" do primeiro curso, onde cabe un pequeno percorrido de mellora.

Este "Programa de Orientación", durante o curso 2017-18, en busca da máis rápida e mellor incorporación e integración do alumnado de primeiro curso, desenvólvese fundamentalmente en tres Accións específicas ou eixos de actuación: a) a través do Coordinador no Centro do "Programa A Ponte" (Prof. Javier Barcia) e os/as tres alumnos/as-titores/as do mesmo, centrados fundamentalmente na presentación do Grao de Filosofía (USC) entre os/as futuros/as estudantes e diversos grupos de interese así como na recepción dos mesmos no Centro; b) a través do "Programa de Titorías personalizadas" (coordinado no Centro pola Prof. M<sup>a</sup> Luz Pintos) polo que todo estudante ten asignado un titor ou titora persoal, a súa libre disposición, para ser atendido en relación a calquera asunto ou problema que se lle presente e para recibir a orientación que demande durante o seu período formativo; c) a través da figura do Profesor Coordinador de primeiro curso, co que o estudante pode tratar os temas máis concretos que afectan ao seguimento dese curso, pensado especialmente tamén para aqueles estudantes que se incorporan nos sucesivos prazos de matrícula, unha vez comezado o curso académico.

En razón do sinalado, constatamos que o Centro desenvolve a oferta dun extenso e variado "programa de titorías" á disposición do seu alumnado e dos seus diversos grupos de interese, cos que se reforza a información relevante do título e a información precisa para o correcto seguimento do primeiro curso, tentando resolver as dúbidas que o noso alumnado nos traslada e demanda. Deste xeito, o noso alumnado ten a súa disposición un diverso tipo de interlocutores, mellorando así os mecanismos de presentación e integración no Centro. Para cuestións ligadas á a cada unha das materias dispoñen de titorías no despacho co seu profesorado de primeiro curso, para temas relacionados coa dinámica xeral do curso dispoñen de titorías co coordinador de primeiro curso, e para cuestións de tipo máis persoal ou cando buscan orientación sobre algún tema ligado ao funcionamento universitario xeral dispoñen de titorías persoalizadas co seu respectivo titor ou titora; e, por último, para cuestións máis transversais do colectivo do estudantado dispoñen de titorías con alumnos-titores de segundo e terceiro curso, quen desenvolven esta tarefa de acordo ao "Programa de Titores" implantado polo Programa *A Ponte* da USC e no que o noso Centro participa moi activamente, adxudicando esta tarefa no curso 2017-18 a tres integrantes do noso alumnado que optaron por facer o correspondente "Curso do Programa de Titores".

En conclusión, consideramos que o Centro desenvolve Accións relativas ao PC-03 Apoio aos estudantes, especialmente destinadas ás titorías e orientación do estudantado. Nesta liña, constatamos que o Centro activou o "Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial", mediante (i) o "Programa de alumnos titores" enmarcado no Programa *A Ponte* co que o noso Centro traballa moi activamente a través do seu Coordinador na Facultade, para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso; (ii) "as titorías personalizadas" que procede a asignar un docente



titor a cada novo estudante do que pode solicitar todo tipo de asesoramento ou, simplemente, ser escoitado cando ten algún problema, ao longo do seu proceso formativo; (iii) "as titorías co Coordinador de curso" para recibir ou dar información máis relacionada co seguimento do curso.

3.- En relación ao tema da achegamento do noso estudantado a espazos de mobilidade e de profesionalización como parte da súa formación, o Centro constatou respectivamente o seu compromiso, ben a través da difusión dos "Programas de Mobilidade" vixentes na Facultade ou ben a través da implantación de "Prácticas externas" no noso título de Grao, favorecendo o **PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas**.

(i) Verbo da "mobilidade de estudantes", e dando cumprimento á recomendación de aumentar as taxas do Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao, o Centro incorporou, no curso 2016-17, entre as tarefas dos coordinadores de curso, a de achegar ao alumnado información específica sobre as ofertas de mobilidade da Facultade, insistindo na importancia formativa desta experiencia e do correspondente aprendizaxe de idiomas. Igualmente, se procedeu ao nomeamento dunha persoa Responsable académica de Asuntos de Mobilidade (a profesora Concepción Martínez Vidal) e no **curso 2017-18** procedeuse á elaboración dun "Plan de Mobilidade" e a execución do protocolo de xestión de Mobilidade na Facultade destinado a formalizar e coordinar os procedementos, administrativos e académicos, que a impulsan. Precisamente, a **AM5 (Plan de Melloras de Grao Filosofía 2017-18)** consistente na "elaboración dun protocolo para a xestión da mobilidade", que instaura boas prácticas na administración desta cuestión: desenvólvense ata tres reunións informativas co alumnado, e en cada unha atende especificamente ás cuestións concretas da fase de mobilidade na que se encontran os nosos alumnos/as.

Consideramos que aquel protocolo afianzou positivamente a participación do noso alumnado nos diferentes Programas de Mobilidade e así o reflicten os datos do **curso 2017-18** no que a mobilidade saínte marca un claro ascenso xa que pasou de 2,31 no curso 2014-2015 a 4,44 consignados no curso 2017-18, consolidando así unha positiva tendencia alcista. A mobilidade entrante ten experimentado unha lixeira melloría no curso 2017-18 que presenta un avance do 1,1 do curso 2016-17 cara o 1,49 do curso 2017-18. Tamén no Máster, os datos de mobilidade reflexan un lixeiro incremento (*vid.* Autoinforme de Máster 2017-18, punto 1.2). Precisamente, tendo este último dato moi presente, no curso 2017-18 desenvolveuse unha Acción de Mellora, **AM5 (Plan de Melloras do Grao 2017-18)**, destinada a incrementar a "taxa de mobilidade" entre o alumnado, a través, como xa dixemos, da elaboración dun protocolo para xestión da mobilidade na Facultade que fixara e formalizara procedementos eficaces, tanto administrativos como académicos, para impulsala. Ademais, en liña con esta **AM-05 2017-18** se impulsa no curso 2018-19 a **AM-04 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2018-19)** neste caso orientada especificamente a identificar e paliar as dificultades máis usuais que ten o alumnado na súa "reincorporación ao Centro", estendendo o protocolo de xeito que se incorporan aspectos específicos relativos á mobilidade entrante.

En conclusión, constatamos que o Centro activou e mantén vixente o "Plan de mobilidade" para o estudantado (**AM.05 2017-18**), a través da incorporación dun protocolo que regula concretamente os procedementos de xestión do Centro nese asunto, tanto no relativo á mobilidade saínte como á mobilidade entrante.

(ii) No que se refire ao futuro dos nosos estudantes e, por tanto, á posible "profesionalización dos egresados e egresadas", constatamos o grande esforzo do Centro, non só pola elaboración de material informativo específico sobre as "saídas profesionais" das nosas Titulacións (**AM-01. 2017-18**), senón tamén e moi especialmente pola implantación do módulo de "Prácticas externas" no Grao de Filosofía (**AM-04. 2017-18**).

Cómpre salientar, neste sentido, que a Facultade de Filosofía non só fixo esforzos na proxección do seu interese no ámbito académico e tamén social, senón que ademais se comprometeu abertamente coa necesidade de abrir unha sería reflexión sobre a súa dimensión no ámbito profesional, mesmo apuntando á ampliación de novos espazos profesionais para as nosas Titulacións. Así, no curso 2016-17 iniciáronse contactos para favorecer a incorporación de potenciais espazos profesionais para as nosas Titulacións de cara a avanzar e favorecer, tamén, a proxección social da Filosofía. Nesta liña de traballo, enmarcada nunha reflexión sobre a dimensión profesionalizante da Filosofía, comezamos con dúas Accións de Mellora tomando como interlocutores aos/ás egresados/as de Filosofía situados/as en ámbitos profesionais diferentes ao ensino, que asumimos como exemplos de novos espazos profesionais posibles para os nosos titulados e tituladas. No **curso 2017-18**, precisamente con ocasión da Renovación da Acreditación da Titulación, formouse un grupo de traballo para esta Acción, que non só permaneceu activo durante ese curso 2017-18, executando a **AM2 (Plan de Melloras do Grao 2017-18)** que promovía a "creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía", senón que mesmo conforme á **AM-02 (Plan de Mellora do Grao 2018-19)**, en coherencia e continuidade co traballo emprendido en cursos

anteriores, estase a avaliar á proposta de constitución con eles dun Comité Consultivo a disposición do noso Centro. Deste xeito pódese consolidar este grupo de traballo, de forma periódica, como Comité Asesor na información e articulación entre as demandas profesionais da sociedade actual verbo das nosas Titulacións. Así, non só demos cumprimento á recomendación proposta no Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación que nos indicaba a conveniencia de "realizar un seguimento sistemático dos egresados convertendo en protocolo do Centro o que se está a facer de maneira máis informal", senón que isto resultou ser tamén o inicio dun dos esforzos máis destacables do Centro neste eixo de promoción da condición profesional do noso título. Se na AM-04 (Plan de Melloras do Grao 2016-17), orientada á posible apertura de "potenciais espazos profesionais para os egresados de Filosofía", se promoveron uns primeiros contactos con distintas Institucións, sociais, políticas e culturais galegas nas que (por consello das iniciativas anteriormente sinaladas) coidamos que a Filosofía podería ter presenza, no curso 2017-18 consolidáronse aqueles primeiros contactos, concretándose na **AM4 Plan de Melloras do Grao 2017-18** como a "articulación de convenios con distintas Institucións e empresas para formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado". Cabe indicar que, a pesar das dilacións temporais que ten implicado o proceso de supervisión por parte das Oficinas Xurídicas das respectivas Institucións na rúbrica deses Convenios, sempre insistimos en que esta posibilidade estaba contemplada na Memoria para a Verificación do Título (MVT) obrando como un forte compromiso para nós, convencidos de que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e facilita certa experiencia laboral aos nosos egresados/as. Polo tanto, se no curso 2016-17, nunha primeira fase, valorouse a idoneidade dalgunhas Institucións preseleccionadas, foi no curso 2017-18 cando se estableceu con elas sucesivas entrevistas encamiñadas á firma dos primeiros Convenios incorporándose posteriormente no curso 2018-19 á firma bilateral con mais Institucións (sendo mesmo actualmente susceptible de ampliación, aínda que á espera de que o correspondente Ministerio resolve a cuestión do pagamento da seguridade social do réxime de estudantes en prácticas). Cómpre salientar que o Centro conseguiu concretar aqueles Convenios nunha proposta de "Convocatoria de prácticas", tal e como se recolle na AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) pola que se dispón e regula a implementación desas Prácticas Externas no Plan de Estudos do Grao de Filosofía, de xeito que o estudantado de terceiro e cuarto curso (correspondente a 2018-19) está xa a realizar estas prácticas.

En conclusión, constatamos que o Centro traballou moi activamente na "actualización" do Título, promovendo a incorporación ao mesmo, entre a oferta de materias, da Convocatoria de "Prácticas externas" como posibilidade que xa estaba recollida na Memoria do Título e que agora concretamos e desenvolvemos máis. Precisamente, na **AM4 (Plan de Melloras Grao de Filosofía 2017-18)** desenvólense os primeiros contactos e firma dos primeiros convenios coas Institucións que acollen estas Prácticas que finalmente se articularon conforme a AM-03 (Plan de Melloras do Grao 2018-19) pola que se procede á ampliación de convenios e á aprobación dunha "Convocatoria específica" que regule e permita desenvolver academicamente os devanditos convenios.

### *(C) Medición, análise e mellora.*

Neste apartado de "medición, análise e mellora", en referencia ao **PE-02 Revisión e mellora** e ao **PC-05 Análise de resultados**, debemos salientar que os traballos realizados polo Centro motivaron un incremento de participación de todos os grupos de interese nas diversas enquisas de satisfacción. A correspondente "análise de resultados", que pode consultarse de forma máis extensa nos respectivos Autoinformes de Grao e de Máster 2017-18 (*vid.* Anexos), evidencian que as nosas Titulacións obteñen un crecemento xeral en practicamente todos os indicadores referidos polo Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

De forma xeral, podemos considerar que estes bos resultados débense fundamentalmente, tanto ao notable incremento de matrícula que obtiveron as nosas Titulacións nestes últimos dous cursos, como á política de difusión de información feita polo Centro e destinada sobre todo aos nosos diferentes grupos de interese, tanto presentes como potenciais.

Dun xeito mais concreto podemos constatar, de acordo á presentación e análise da inmensa maioría de Taxas, Indicadores e Evidencias do SGIC referidas nos Autoinformes de Grao e Máster 2017-18 (*vid.* Anexos), que os procesos e sistemas de Medición leváronse a cabo de forma eficaz, e atendendo á análise feita dos mesmos evidencian un bo funcionamento do SGIC vixente no Centro, o que sen dúbida algunha redunda nun axeitado funcionamento do Centro e das súas Titulacións, e asimesmo permítenos indicar algúns elementos susceptibles de certo percorrido de mellora (xa indicados e analizados nos devanditos Autoinformes).

Especificamente, nesta Memoria, conforme aos indicadores de "medición" e a súa "análise", pasamos a referir algunhas das Taxas mais salientables do SGIC que están enmarcadas fundamentalmente en tres dimensións (e que, como dicimos, manifestan o correcto funcionamento da Facultade de Filosofía e das súas Titulacións):

### 1.- PS-01 Xestión de Recursos Humanos (PDI e PAS).

Neste capítulo pasamos dunha situación de forte nivel deficitario provocado pola "taxa cero" de reposición das xubilacións acaecidas, cara unha leve e aínda tímida recuperación de efectivos. Así, no curso 2016-17 comezaron a introducirse algunhas medidas orientadas á reposición dalgunhas das prazas anteriormente perdidas por xubilacións. Se ben as competencias en materia de convocatoria de prazas son da correspondente Vicerreitoría e non exclusivamente imputables ao Centro, é certo que a Facultade logrou, dende o curso 2016-17, e especialmente **no curso 2017-18**, començar a reverter a devandita situación obtendo novas incorporacións de PDI nas Áreas de coñecemento do Centro. Este incremento de Recursos Humanos continúa a producirse no curso 2018-19 en todas as Áreas de coñecemento do Centro.

Se atendemos á medición e análise de taxas referidas ao PDI podemos salientar as seguintes:

- En canto á progresión das porcentaxes de participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida (INF14) vai dende un 8,00% (2013-14) ata un 59,09% (2017-18). Polo que arroxa un aumento ao longo dos cursos moi considerable, que atribuímos á progresiva implantación da cultura de calidade no Centro e ao compromiso do profesorado coa mesma.
- Polo que se refire á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a cifra oscila no último quinquenio en torno a un salientable 4 sobre 5.
- O índice de participación do PDI, con docencia no Grao en Filosofía, nas actividades formativas desenvolvidas polo PFID, **no curso 2017/18** é do 40,91%, o que, xunto co desenvolvemento doutras actividades extracurriculares non computadas neste dato, permítenos considerar que dispoñemos de PDI implicado na súa actividade e na calidade do Centro.

No que refire á medición e análise de RR.HH no sector do PAS, o Centro mantén no **curso 2017-18** unha axeitada proporcionalidade entre as súas dimensións e o número de Persoal Administrativo e de Servizos. Xa o Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación (curso 2015-16) valoraba entre os principais puntos fortes do Centro que o PAS é "*adecuado a las características y al número de titulaciones*". Pero ademais cabe salientar a grande participación do PAS do Centro en plans de formación organizados pola USC, posto que se incrementou porcentualmente dende o 36,40% (curso 2012-13) ata o notable rexistro do 80% neste curso 2017-18, o que fai un incremento do 43,6% en tan só catro anos, poñéndose así de manifesto o compromiso do PAS coa xestión do SGIC do Centro. Por último, a participación do PAS na enquisa de satisfacción do curso 2017-18 acada a cifra do 71,4%, superando con moito a media global da USC.

En conclusión, atendendo á medición das Taxas referidas, podemos constatar que tanto o PDI como o PAS, evidencian altos índices de "satisfacción" co funcionamento do Centro e das Titulacións.

### 2.- PS-02 Xestión de Recursos materiais e Servizos.

Neste capítulo evidenciamos unha constante mellora das dotacións do Centro, aínda que sen carácter de grande alcance xa que as nosas instalacións son recentes a causa da integral reforma do edificio da Praza de Mazarelos onde actualmente está situada a Facultade de Filosofía.

En termos xerais, entendemos que o Centro conta cos recursos materias, infraestruturas, instalacións e servizos, suficientes, necesarios e axeitados para o correcto desenvolvemento do noso Plan de estudos segundo as previsións da Memoria Verificada e o axeitado funcionamento do Centro (*vid.* AM-01 e AM-02 Plan mellora do Centro 2018-19). Así, no Informe de Avaliación para a Renovación do Grao, sinaláronse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos", salientando "os recursos bibliográficos", así como tamén "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional".

Esta valoración positiva está directamente vencellada a algunhas da melloras de xestión levadas a cabo no Centro no **curso 2017-18**:

- Cómpre lembrar que todo o Centro recibiu no curso 2016-17 unha mellora da interconectividade WIFI, e que no **curso 2017-18** foi sometido a un novo control e amplificación, especialmente no andar principal.
- A aula 4, que é a máis grande do edificio, recibiu, tamén no curso 2017-18, unha mellora da súa conectividade eléctrica para facilitar no estudantado o uso dos seus ordenadores.
- Nos curso 2017-18 e 2018-19, tras un proceso exhaustivo de identificación de inventario e deficiencias tecnolóxicas, foron recentemente actualizados diversos ordenadores, así como tamén renovados pantallas e proxectores en todo o Centro, o que supuxo unha inversión significativa do final do orzamento do ano 2018 (orzamento onde se inclúe tamén o equipamento informático en réxime de préstamo en uso portátil para o PDI).
- Cómpre non esquecer que no curso 2017-18, como consecuencia do compromiso do Centro cos estudantes con

diversidade funcional, instalouse unha rampla de acceso ao estrado do Salón de Actos.

e) Cabe tamén lembrar que nos cursos 2017-18 e 2018-19, tamén no Salón de actos, ampliamos o número de altofalantes ata tres, coa correspondente mellora do sistema de audio.

f) Ademais, o Centro segue a manifestar o seu compromiso cos espazos de Igualdade outorgando a antiga aula de informática o nome dunha distinguida filósofa, destinando a sala-aula Hipatia tamén para a defensa dos TFG.

g) Por último, a excelencia da Biblioteca (xa mencionada no Informe de Renovación da Acreditación) segue a fomentar a participación activa dos/das estudantes nos cursos de orientación bibliográfica, así como segue a incrementar a adquisición e incorporación de fondos bibliográficos, superando xa os corenta mil volumes.

Mais estas Accións de *medición, análise e mellora* non se esgotan no curso 2017-18, senón que son obxecto de continuación no curso 2018-19 marcando liñas estratéxicas de traballo e melloras para o Centro; isto pódese comprobar, por exemplo, no desenvolvemento da AM-01 Plan de Melloras do Centro 2018-19, na que se fai polo miúdo un exhaustivo e longo inventario de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro; da AM-02 Plan de Melloras do Centro 2018-19 pola que se regula e se executa unha optimización na distribución de espazos do PDI; ou da AM-03 Plan de Melloras do Centro 2018-19 na que, facendo explícito o "compromiso do Centro coa sustentabilidade", procédese a identificación de deterioros no mesmo e a súa reparación e optimización, cunha clara conciencia da necesidade de mantemento que precisan as nosas recentes instalacións).

En conclusión, entendemos que o Centro conta cos recursos materias, infraestruturas, instalacións e servizos, suficientes, necesarios e axeitados para o desenvolvemento das nosas Titulacións.

### 3.- PS-04 Satisfacción, análise, expectativas e necesidades.

En termos xerais, entendemos que o perfil formativo do título de Grao en Filosofía (USC) mantén a súa relevancia e carácter actual de acordo cos requisitos que regulan o seu ámbito académico-científico e o seu ámbito profesional.

Tendo en conta a "*medición*" das taxas e indicadores manexados nos Autoinformes de Grao e de Máster 2017-18, podemos constatar nese curso unha xeral satisfacción do alumnado, reflectida obxectivamente na *crecente matrícula nas nosas Titulacións*, tanto no Grao como no Máster. Malia o contexto de crise que as materias de Filosofía, sometidas a unha redución, están a sufrir no Ensino Secundario, a relevancia e actualidade do título de Grao en Filosofíaponse de manifesto na tendencia crecente de matrícula que se ven producindo durante os últimos anos: pasamos de 39 estudantes no curso 2014-15 ata 73 no **curso 2017-18**. Evidénciase un aumento moi significativo do 32,73% (IN05G-PC-05) verbo do curso 2016-17, e dun 71,34% de crecemento acumulado dende o curso 2013-14. De feito, o incremento de matrícula obtido no curso 2017-18 supuxo esgotar en "Matrícula de acceso" (IN03G-PC-05) o número de prazas ofertadas polo título, situando a nosa "Taxa de ocupación" en 112,31% (IN12G-PC-05).


Evolución ascendente de número de estudantes matriculados en primeiro curso:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>58,00</b>	<b>39,00</b>	<b>39,00</b>	<b>51,00</b>	<b>55,00</b>	<b>73,00</b>

Facendo unha sumaria "*análise*" desta "Taxa de Matriculación", recollida máis polo miúdo no Autoinforme de Grao e de Máster 2017-18, podemos constatar, baseándonos no "Informe de procedencia xeográfica" (Inf. 16), que o Grao de Filosofía da USC, como único Grao de Filosofía do SUG, cumpre o necesario servizo institucional e académico de atender á demanda de matrícula en Filosofía formalizada por unha inmensa maioría de estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia que optaron por esta opción formativa: ao redor do 97% do total dos nosos matriculados e matriculadas provén de Galicia, mais é salientable reparar que no **curso 2017-18** ascendeu a *ratio* da matrícula de estudantes do resto do territorio español, pasando do 2,22 % (2016-17) a 2,97% (2017-18) (IN09G-PC-05). Constatamos que estes números, aínda que mellorables, supoñen a mellor porcentaxe dos últimos anos (media 2012-2015: 1,68%). Tamén desta análise de datos da matrícula constatamos positivamente o interese que logramos captar nos nosos futuros alumnos/as, xa que cada vez é maior o número de alumnado matriculado que escolle Filosofía como primeira opción. Exactamente, no curso 2017-18, os/as preinscritos/as en primeira opción matriculados/as por primeira vez, chega a alcanzar un 90,77% (IN10G-PC-05), consolidando unha tendencia crecente que se viña experimentando desde a media de 63,38% que presenta o Centro nos últimos cinco anos.

Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05) na que podemos observar un significativo aumento:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
TOTAL (%)	69,23	52,31	52,31	60,00	61,54	90,77



Se facemos unha *análise* dos expedientes desa "Taxa de Matriculación" e desta "Taxa de primeira opción" , constatamos unhas notas medias de ingreso aceptables. Tendo en conta que o principal criterio de acceso á nosa titulación é a superación das Probas de Acceso á Universidade (PAAU), a "nota media de acceso por preinscripción" dos estudantes neste curso 2017-18 é de 8,43 (IN06G-PC-05), aumentando respecto da media dos últimos cinco anos situada en 7,43 sobre 14 puntos.

Unha última *análise* do perfil de estudos dos nosos matriculados en primeiro curso, constata que a inmensa maioría non teñen (xa que non se require) unha formación previa específica e, en cambio, si teñen nunha alta porcentaxe a formación propia do perfil humanístico, aínda que tamén resulta válido o perfil científico (que é o de aproximadamente un 27% da xente matriculada no curso 2017-18), poñendo novamente de manifesto o carácter transversal das nosas Titulacións.


Se atendemos ao propósito de *mellora* dos resultados e do Plan de estudos da Titulación de Grao, alén da Taxa de Matriculación, debemos reparar nas Accións de Mellora **AM-03** e a **AM-06 (curso 2017-18)**, que consistiron na realización dunha enquisa piloto e posterior análise sobre o TFG (ampliable ao TFM), xa que ata agora non se dispoñía de datos polo que toca a iso. Resulta motivo de reflexión para mellora que só 25 dos 41 matriculados/as no TFG visen cumprida a tarefa de presentar e defender o seu TFG, o que pon de manifesto que o TFG é unha materia que, polas súas especiais características, ten esixencias, condicionamentos e pormenores que fan que os alumnos/as non alcancen a presentalo na primeira convocatoria na que se matriculan, aumentando así o tempo de duración da Titulación. Con todo, os 25 alumnos/as que o defenderon conseguiron aprobar o TFG (a maioría con altas cualificacións) e obter así os créditos correspondentes, aínda que manifestan que o nivel de esixencia desta materia é máis alto que o das outras da Titulación. Tamén podemos constatar que, unha parte da xente matriculada mais que, finalmente, non presenta o seu TFG, no momento de efectuar a presentación arrastra algunha outra materia non superada e, polo tanto, non cumpre os requisitos

que se piden para presentar o TFG.

En canto á *mellora* dos resultados da Titulación atopámonos cunha "taxa de abandono do primeiro curso" alta, aínda que se ben a "Taxa de abandono" xeral resulta moi similar a do resto da USC. Pódese comprobar na seguinte gráfica.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41):

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	41,46	55,70	64,71	50,00	34,29




Observamos que a taxa de matrícula ascende e que a taxa de abandono xeral descende, polo que inferimos que o seguimento e aplicación do SGIC está a producir bos resultados na Titulación. Aínda así, o Centro asume a iniciativa de tentar localizar algunhas posibles causas do que entendemos un elevado índice de abandono da titulación concentrado no primeiro curso; abandono que é de 26% no 2017-18 (IN40G-S01-PM-01). Aínda que alta, valoramos que se trata dunha taxa moi variable durante os últimos anos e, sen relativizar a importancia deste índice, entendemos que non só pode ser debido á actividade do Centro, senón que, tendo en conta que se produce nun breve lapso de tempo e de permanencia dese alumnado na Facultade. Por outra banda, prodúcese xusto no curso que conta con maior matrícula, e con un alumnado para o que en moitos casos o Grao de Filosofía ten un "carácter experimental" (IN10G-PC-05), o que implica a presenza neste primeiro curso dun índice relativamente alto de expedientes académicos medios que oscila próximo a sete puntos sobre catorce (IN07G-PC-05). Tamén debemos ter en conta que a taxa de abandono deste primeiro curso non informa acerca da súa etioloxía, nin acerca das porcentaxes de cantos abandonos veñen motivados (i) por un simple cambio de titulación debida a unha opción anterior na prioridade do alumno/a, (ii) por un aprazamento da opción de Grao en Filosofía ao que o/a estudante volve anos despois na busca dun segundo título complementario (tal e como se induce na **AM7. Plan de Melloras do Grao 2017-18** de reforzar a Titulación de Filosofía como especialidade transversal), ou (iii) por unha renuncia total e definitiva aos estudos universitarios, por causas externas e alleas ao noso Grao (razóns económicas, problemas coas expectativas persoais do alumno/a, etc.). Con todo, entendemos que as liñas de actuación do Centro terían que ser distintas para cada unha destas causas de abandono, e cómpre tamén lembrar que, mesmo segundo se ten reparado na Conferencia de Decanos (13/02/2019), a alta "taxa de abandono" nas titulacións de Filosofía (unha media do 30%) é unha constante compartida en todo o sistema universitario español, aínda a pesar de

que os criterios e perfil de admisión aplicados son considerados como adecuados para a Titulación e a adquisición das súas competencias específicas.

Con todo, a "Taxa de éxito" (IN35G-S01-PM-01) resulta bastante positiva, proba do axeitado funcionamento do SGIC.

Taxa de éxito (IN35G-S01-PM-01):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	75,79	80,09	77,71	74,34	79,35	77,87
2º curso	83,19	82,05	92,08	86,82	86,53	88,80
3º curso	87,84	90,15	89,11	91,20	93,63	87,64
4º curso	100,00	95,85	96,10	92,31	93,59	91,88
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	100,00	92,41	100,00
<b>Total (%)</b>	<b>81,94</b>	<b>85,81</b>	<b>87,99</b>	<b>84,60</b>	<b>86,62</b>	<b>84,39</b>



Respecto da "satisfacción" dos grupos de interese implicados nas Titulacións (a do PDI e PAS xa foron precisadas no apartado anterior), consideramos que o cumprimento dos parámetros comprometidos a través das Guías Docentes das materias, contribuíu directamente na xeral "Satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G-S01-PM-01) que neste **curso 2017-18** é de 3,71 (1-5), o que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que vai crescendo constantemente dende o curso 2012-13 no que o indicador se situaba en 3,47 (1-5). Tamén entendemos que este correcto desenvolvemento das actividades académicas tradúcese nunha positiva "Taxa de éxito" (IN35G-S01-PM-01) que neste **curso 2017-18** é de 84,39% (manténdose moi próxima á media interanual do 85%). En liña con estes factores positivos, cómpre tamén reivindicar o esforzo posto polo Centro no desenvolvemento do Plan Académico que evidencia a "taxa de eficiencia en termos de rendemento dos/das egresados/as" (IN53G-S01-PM-01) situada no 80,22%.

Código	Nome	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	0,00	3,00	2,39	3,31	4,55	2,94

IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia	3,47	3,64	3,45	3,61	3,73	3,71
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado	-	4,09	3,69	3,96	3,74	4,00

Ademais de contar con datos consistentemente positivos das enquisas de satisfacción dos nosos principais grupos de interese, como mostra da conciencia que ten a comunidade universitaria da Facultade de que aínda poden ser mellorables queremos sinalar que desde o Centro, con ocasión dos procedementos de calidade e mellora asignados na coordinación por cursos, fíxose unha análise sobre a oportunidade da reformulación dalgunhas preguntas que forman parte, especificamente, do cuestionario da enquisa de satisfacción coa docencia recibida, posto que entendemos que poderían mellorarse ou, polo menos, acadar unha maior precisión. Neste sentido, articulouse a **AM8 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18**, na que se propoñía unha revisión do cuestionario na procura de fórmulas que o melloren e que aumenten a participación nel. Aínda que os Responsables desta Acción son membros da Área de Calidade da USC, que é quen ten competencias sobre este asunto, podemos constatar que xa se fixo unha primeira reformulación dalguns enunciados e que o Centro segue en contacto coa Área de Calidade, o Organismo con competencia neste asunto, para avaliar se procede recomendar a posibilidade de abordar unha segunda reformulación.

Ademais, cómpre lembrar que no noso protocolo de coordinación por curso, precisamente estas enquisas de satisfacción, (tanto polos datos estatísticos que arroxa como polos enunciados das súas preguntas), son tomadas como unha ferramenta metodolóxica de recollida de información que en liña coa **AM3 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18** orientada á análise de causas das taxas de rendemento e avaliación, permite nas distintas reunións de coordinación, tanto con PDI como con alumnado, identificar e tomar en consideración elementos disfuncionais e mellorables do noso título.

En definitiva, entendemos que en razón destas medidas e de todas as outras Accións de Mellora que vimos sinalando ao longo desta Memoria, a "satisfacción do noso alumnado" resulta en xeral positiva, tal e como podemos inferir das seguintes taxas e referencias:

- a) a "Taxa de éxito" (IN35G-S01-PM-01) resulta altamente positiva, mostrando unha tendencia ascendente desde o curso 2011-12 situándose no 84,39% no curso 2017-18.
- b) a "Taxa de rendemento" (IN34G-S01-PM-01) igualmente confirma unha tendencia crecente, superando o 60%.
- c) A "Taxa de gradación" é a máis alta dos últimos cinco anos, rexistrando un 42,86% (fronte a un 20,25% do curso 2014-15, un 14,71% correspondente ao curso 2015-16 e a un 25% do curso 2016-17).
- d) a "Taxa de avaliación" sitúase no 77,67%, presentando niveis moi similares aos do último quinquenio.
- e) O grao de "satisfacción do alumnado coa docencia recibida" é relativamente alto (3,71 sobre cinco) e resulta similar as medias xerais da USC, valorando especialmente o cumprimento do programa, a axuda recibida nas titorías, a explicación do programa e o sistema de avaliación ao comezo do curso, así como o material docente de apoio.

Pódese apreciar a boa relación entre taxas na seguinte gráfica:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Taxa de rendemento (%)	63,44	68,6	66,94	64,86	69,22	65,55
Taxa de éxito (%)	81,94	85,81	87,99	84,6	86,62	84,39
Taxa de avaliación (%)	77,43	79,94	76,08	76,66	79,92	77,67
Taxa de graduación (%)	-	21,95	20,25	14,71	25,00	42,86
Duración media dos estudos	4	4,33	4,69	4,89	4,53	5,61
Eficiencia dos titulados	95,9	93,19	91,77	-	-	-

En conclusión, en relación á análise das taxas referidas, podemos entender que os resultados de aprendizaxe académica están en liña cos obxectivos fixados. E cómpre salientar, ademais, o esforzo realizado polo Centro na necesidade de potenciar a formación práctica e a conexión dos estudos do Grao de Filosofía cos problemas máis prácticos e os retos máis inmediatos da nosa sociedade, implementando no Plan de estudos o módulo de "Prácticas externas". Ademais, en liña cos datos positivos das Taxas e Medicións que referimos, podemos constatar nesta Memoria algúns indicadores de resultados que avalan o axeitado funcionamento das Titulacións e que consideramos especialmente significativos: constátase que as "taxas de rendemento", "de éxito" e "de gradación" teñen valores similares a través dos



anos e que son equiparables en xeral ás medias da USC.

As Accións de Mellora como a **AM1 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18**, deseñada para obter información sobre "grupos de interese" dos estudos de filosofía, ou a Acción **AM2**, deseñada co obxectivo de crear grupos de discusión con egresados acerca da presenza social da Filosofía e a súa profesionalización, ou a Acción **AM4**, creada co obxectivo de establecer acordos con empresas e institucións para a realización de "Prácticas Externas", son tres claras manifestacións do noso compromiso de recoller a información necesaria para conectar os estudos de Filosofía coas necesidades da nosa sociedade e co reto de adquirir as competencias esixidas. Nesta liña resulta coherente que a "Taxa de participación" (IN48) manteña unha tendencia á alza, o que responde ao esforzo que docentes, coordinadores e membros do equipo decanal puxeron facéndolle ver ao alumnado a importancia de responder as enquisas. De feito, no curso 2017-18 tivemos a porcentaxe máis alta de taxa de participación do alumnado en relación coa docencia recibida (43,65%). Tamén o grao de "satisfacción dos egresados" cos servizos e coa información pública dispoñible segue sendo alto, acadando un 3,53 sobre 5.

#### *(D) Información pública.*

Á vista dos Autoinformes de Grao e de Máster 2017-18, podemos constatar que a Facultade dispón dos mecanismos suficientes para comunicar de xeito adecuado as características das Titulacións para todos os grupos de interese. De feito, conséntase que mantemos unha tarefa periódica de publicación e actualización da información relativa ao noso Centro, aos títulos que o integran, e tamén aos procesos e normativas que os regulan. Feita unha comparativa con outras páxinas web das Facultades de Filosofía doutras Universidades de España, observamos un altísimo índice de coincidencia na información entre todas elas, polo que concluímos que a información pública que nós proporcionamos é, cando menos, equivalente á doutras Facultades e que resulta suficiente e relevante para os nosos grupos de interese.

De igual xeito, tras repasar o contido da MVT encontramos un forte nivel de coherencia entre esta e a información que nós temos publicada, considerando en consecuencia como un valor positivo a súa obxectividade. Por último, conséntase o feito de que todo ese volume de información está inxerido de forma moi intuitiva dentro do deseño da páxina web do Centro, o cal reporta unha gran facilidade de accesos directos para os nosos potenciais destinatarios.

Ademais, observando a evolución das páxinas web do Grao e do Máster, constatamos o esforzo do Centro, moi concentrado no curso 2017-18, na reestruturación e fonda ampliación da información publicada, moi especialmente no que afecta á etiqueta de "Calidade" onde pode apreciarse a "revisión e actualización da información publicada e inclusión de novos contidos referidos ao proceso de xestión do título e á aplicación do SGIC".

Con todo, os esforzos do Centro no referido á "información pública" non só se deron no relativo á información específica do caixón de "Calidade", senón que tamén se produciron na difusión doutros aspectos importantes das Titulacións, como son a ampliación da redacción da "Presentación" e das "saídas profesionais". Neste sentido, cómpre lembrar a **AM1 Plan de Melloras Grao de Filosofía 2017-18**, que ten a súa orixe no "Plan de Viabilidade", centrada en difundir a través da páxina web contidos relativos á condición, tanto formativa como profesionalizante, da Filosofía.

Tamén proxectamos unha mellora na comunicación externa e interna que afecta ao Centro, promovendo (xa no curso AM04.2018-19 e por tanto reafirmando o noso compromiso con este capítulo de "Información pública") a realización e difusión dun "Boletín Informativo" que recolle as novidades do Centro e a constitución dun "Comité de Expertos" sobre temas filosóficos de actualidade para a interlocución cos medios de comunicación.

Así, podemos constatar que o esforzo do Centro na "política de comunicación" foi canalizada principalmente en dúas Accións que consideramos pertinente referir:

1) A **AM1 Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2017-18**, que procedeu á incorporación de material informativo sobre o carácter interdisciplinar da Filosofía e as súas "saídas profesionais". O Centro activou o reforzo do "plan de comunicación" (**AM.01 2017-18**) mellorando, como xa explicamos, a transparencia da documentación publicada na web, así como a incorporación á mesma de información sobre a presentación e saídas profesionais do noso Grao. (Queremos engadir que nesta liña de traballo figura a AM-01 do Plan de Melloras de Grao de Filosofía 2018-19, pola que se está a promover a elaboración de material informativo e de carácter divulgativo sobre as diversas áreas de coñecemento da Filosofía, destinado ao noso potencial alumnado).

2) En cumprimento co que se recomendaba no Informe de seguimento 2015-16, procedeuse á introdución, rematada durante o curso 2017-18, dun breve currículo do profesorado, nun formato único e estandarizado. (Queremos engadir que nesta liña de traballo, sendo moi conscientes da importancia da imaxe na comunicación, e contrastando os modelos doutras Universidades, adoptouse para o curso 2018-19 a **AM-08 Plan de Melloras de Grao en Filosofía 2018-19**, que insiste na conveniencia de fomentar a visibilidade do PDI como un activo da nosa titulación; para iso tense proposto, condicionado á existencia de orzamento, a actualización da canle de transmisión do seu currículo, que en lugar

de ser un PDF sexa un espazo web propio con maiores posibilidades).

En conclusión, no que se refire á publicación da información, o Centro desenvólvese axeitadamente xa que consideramos que o Centro promoveu e realizou unha contribución directa á mellora da comunicación da información das nosas Titulacións, axustándose aos diferentes grupos de interese. Constatamos que o desenvolvemento destas iniciativas traducíuse, segundo o indicador do que dispoñemos, nunha alta satisfacción, ao menos dos/as egresados/as, coa información pública que ofertamos, consolidando a media de 3,5 puntos (sobre 5) dos últimos cinco anos.

En relación á visibilidade do noso Centro, promovéronse durante o curso 2017-18 numerosas iniciativas en prol da Filosofía de Xénero e doutras cuestións filosóficas de forte calado social (sinaladas nos respectivos Autoinformes de Grao e Máster 2017-18). Neste eido, buscando un xeito de facilitar a visibilidade da relación das nosas accións coa demanda social, o Centro propuxo reforzar a súa comunicación externa coa sociedade, promovendo a constitución dun "Comité de expertos en temas filosóficos" que sirva de interlocución co gabinete de comunicación da USC e os medios de comunicación (AM-05 Plan de Melloras da Facultade de Filosofía 2018-19).

No que refire á transparencia do Centro, cabe subliñar que todos os procesos que garanten a calidade do título, especialmente Concursos, Reclamacións e Informes derivados do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC), e mesmo as actas de coordinación e de calidade, son obxecto de publicación nos respectivos apartados da web do noso Centro, na procura de cumprir cos maiores índices de visibilidade.

Como consecuencia de todo o referido ata aquí, consideramos que paga a pena seguir actuando na continuidade da nosa "política de comunicación" que ofrecen as novas Accións de mellora (2018-19), tendo moi presente a valoración positiva que o Centro ven mantendo neste indicador cunha media nos últimos cinco anos de 3,49 puntos sobre 5, e sendo a puntuación de 3,53 puntos no curso 2017-18 (IN23G-PC-12).

Por todo isto, na Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía a información pública dispoñible foi considerada como "un dos puntos fortes do Centro".

### *(E) Conclusión*

Tendo en conta todo o que vimos de expoñer, consideramos que o Sistema de Garantía de Calidade resulta eficaz na mellora da Titulación. Constatamos que ao estar adecuadamente implementado no Centro, proporciona os mecanismos necesarios e adecuados de recollida e análise de información, o que nos permitiu detectar debilidades e poder propoñer as correspondentes Accións de Mellora. De feito, cómpre destacar que, no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, a "progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade que facilita o seguimento do Título" foi considerado como "un dos principais puntos fortes do centro", valorando moi positivamente un procedemento que é habitual no Centro: "a transparencia da propia comisión, evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión". Entendemos que o SGIC facilita a implantación, difusión e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade" no Centro, a cal fica recollida tanto nos Autoinformes das Titulacións como no Plan de Melloras.

Entendemos que o noso "programa de coordinación", arbitrado no Sistema Interno de Garantía de Calidade, funciona correctamente e constátase como sendo un procedemento que nos permite non só detectar problemas senón tamén recoller suxestións de mellora a través das distintas Comisións específicas. Tamén, para reforzar as garantías de calidade e transparencia, lémbreselle aos diversos grupos de interese que, ademais desta fórmula, teñen a súa dispoñibilidade a normativa específica da USC.

Sen dúbida, a implantación do Sistema de Garantía de Calidade facilita unha paulatina mellora das nosas Titulacións, atendendo ás recomendacións que se nos fan nos diferentes Informes de seguimento, verificación e renovación. Consideramos que un síntoma de eficacia na aplicación do SGIC no Centro é o recoñecemento que se nos fai na Avaliación para a Renovación da Acreditación sobre "a mellora na implantación do SGC", especialmente sobre "a transparencia da comisión" e a positiva valoración acadada: "se han aportado abundantes evidencias e indicadores del desarrollo del título y se ha hecho un esfuerzo de reflexión en el autoinforme presentado. El centro es consciente de sus áreas de mejora y hay mecanismos activados para ir solucionando los problemas detectados. Se han realizado esfuerzos notables para atender las recomendaciones recibidas en los distintos informes de seguimiento y de viabilidad del título". Precisamente, con ocasión do Plan de Viabilidade do título, iniciado no curso 2015-16, promoveuse durante o curso 2016-17 unha serie de Accións de Mellora que podemos correlacionar cun incremento moi significativo (xa referido) da matrícula **no curso 2017-18** (pasando de 55 a 73 alumnos/as) e, ao dar por acadados os obxectivos, a Xunta de Galicia deixou en suspenso o devandito Plan de Viabilidade.

Con todo, o Centro continuou co seu Plan de Melloras propias do curso 2017-18 (*vid.* apartado 3 desta Memoria, así como nos seus respectivos apartados ao longo dos Autoinformes de seguimento de Grao e de Máster 2017-18 que

figuran Anexos), co propósito de reforzar os procedementos adquiridos e de identificar novas necesidades. Entre esas novas Accións de Mellora cabe salientar:

(a) a **AM2 (Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18)** que promove a creación de grupos de discusión cos egresados e que se transforma para o seguinte curso na creación dun "Comité Consultivo de expertos" que, conformado por profesorado universitario e de ensino secundario, egresados e profesionais de diversos sectores, nos permita identificar novas necesidades e reporte unha maior presenza e participación deses diferentes grupos de interese no SGIC do Centro.

(b) as Accións levadas a cabo desde o SGC (atendendo á recomendación do Informe de Renovación da Acreditación da oportunidade de abrir novos espazos profesionais para os nosos titulados), que nos permitiron introducir unha modificación explícita e moi relevante para a mellora da titulación, como é a implementación no Plan de estudos das "Prácticas Externas" -proxecto iniciado na **AM4 Plan de Melloras do Grao de Filosofía 2017-18** a través da "articulación de convenios con distintas institucións"- e continuando a súa execución no curso 2018-19 coa elaboración da Convocatoria específica que regula a súa implantación (AM-03 Plan de Melloras do Grao en Filosofía 2018-19).

A aplicación do proceso do SGIC, tamén nos permitiu detectar espazos de mellora, non só directamente das Titulacións, senón tamén no Centro en xeral, que en definitiva reportan beneficios no funcionamento diario. Así, detectada "unha excesiva concentración do gasto das partidas do Centro no tramo final do exercicio" do curso 2017-18 correspondente ao orzamento deste último ano natural (2018), incorporamos, para o curso 2018-19 (AM-06 Plan de Melloras do Centro 2018-19), unha "planificación do presuposto da Facultade", adoptando un programa de gasto máis sostido por cada semestre. Esta planificación nos permite, entre outras cousas, incorporar un novo concepto orzamentario destinado a prestar apoio ao PDI nas organizacións de Congresos e Reunións científica (tal e como reflexamos na AM-07. Plan de Melloras do Centro 2018-19), que entendemos repercutirá nunha maior visibilidade do noso Grao e nun incremento de posibles actividades extracurriculares para ao noso alumnado, co correspondente incremento de calidade para o Título, tanto de Grao como de Máster, tamén participado nesta Acción.

Por último e de xeito máis específico, cómpre sinalar que a xestión do SGIC ven sendo obxecto, desde o curso 2015-16, dunha constante atención polo órgano de Dirección do Centro e das correspondentes Comisións, conscientes de que se trata dunha ferramenta fundamental para a permanente mellora das nosas Titulacións. Durante este último trienio, véñense adoptando unha serie de medidas que buscan reforzar a capacidade de control da calidade dos procesos que integran o propio SGIC: (a) a atribución desa dedicación ao Vicedecanato da Facultade (susceptible entendemos que pode ser obxecto de asignación de máis medios dado o altísimo volume de dedicación que require); (b) a unificación das Comisións de Grao e Calidade, buscando unha liña de acción máis coordinada e unificada entre todos os grupos de interese representados; (c) o nomeamento do Coordinador de Grao. Estas son probablemente as tres medidas xerais máis destacadas como xeradoras de melloras implantadas no curso 2016-17, as cales sentaron os procedementos habituais que aplicamos no curso 2017-18.

En consecuencia, esta estrutura de xestión do SGIC constituíu unha mellora do proceso de Planificación que vertebrou o desenvolvemento de Accións concretas. Así, de acordo coas recomendacións recibidas pola Área de Calidade da USC e dos propios Informes de seguimento, incorporáronse melloras nos distintos procesos de control das nosas Titulacións, que a continuación recapitulamos a modo de conclusión:

1. A planificación das ensinanzas mellorou a súa coordinación logo (i) da unificación dos dous Departamentos que tiña o Centro e dos que dependía a docencia de Grao, (ii) da incorporación do Director de Departamento á Comisión de Calidade, (iii) da homoxeneización e maior precisión das Guías Docentes (especialmente no apartado da avaliación de competencias) (*vid.* apartado A1 desta Memoria).

2. O desenvolvemento da calidade e atención docente viuse mellorada, entre outras cousas, pola aplicación do "Programa de acollida" (que dinamizou a acción tutorial nas diversas formas, *vid.* apartado B2 de esta Memoria) e polo reforzo da Coordinación por cursos que achegou repercusións positivas sobre a calidade docente (*vid.* apartado A2 de esta Memoria), obtendo de todo iso resultados positivos tal e como reflicten as "taxas de rendemento" do título e o constante aumento de matrícula durante o último trienio (*vid.* apartado C3 de esta Memoria), acadando o moi considerable incremento neste curso 2017-18 dun 32% sobre o curso 2016-17, que xa estaba daquela en liña crecente, conseguindo a suspensión do Plan de Viabilidade por parte da Xunta de Galicia como froito da boa aplicación dos procesos de calidade seguidos polo noso Centro.

3.- No que toca á xestión de Recursos Humanos, no referente ao PDI comezamos a experimentar unha leve melloría coa

recente dotación de novas prazas (*vid.* apartado C1 desta Memoria) e no que refire ao PAS e Órganos de apoio á actividade docente (*vid.* apartado C1 de esta Memoria) logrouse a incorporación, con carácter estable, da figura de Responsable de Unidade de Centro, o que reportou unha clara mellora na "publicidade" da documentación, procedéndose deste modo a incorporar á páxina web boa parte da documentación relativa aos procesos do SGIC, así como a levar a cabo unha mellora na nosa información pública a través da actualización da páxina web (*vid.* apartados D desta Memoria).

4.- En canto ao proceso de medición, análise e mellora, constatamos no curso 2017-18 un notable incremento da participación de todos os grupos de interese nas enquisas de satisfacción, debido con moita probabilidade á mellora e reforzo da información que se difunde sobre a súa importancia (*vid.* apartado C3 desta Memoria). Entendemos que un axeitado funcionamento dos sistemas de calidade trouxo consigo estas subidas nos índices de satisfacción que constatamos nas estatísticas facilitadas pola Área de Calidade e que implican aos diversos grupos de interese:

a) Polo que toca ao grupo dos/as egresados/as, o "Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (IN42G-S01-PM-01) manifesta interanualmente unha liña ascendente que arroxa unha media de 3,23 (sobre 5 puntos) nos últimos cinco cursos, sendo de 2,94 no curso 2017-18, aínda que temos experimentado no curso 2016-17 un 4,55 -valor que está moi por riba do resto do quinquenio.

b) Polo que toca ao grupo de PDI, o "Grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida" (IN47G-S01-PM-01) presenta datos moi positivos: no curso 2017-18 foi de 4,00 (sobre 5 puntos), e esta tendencia aparece consolidada neses datos sobre a media de 3,90 puntos.

c) Polo que toca ao grupo de estudantes, cabe reparar en que na "Taxa de resposta na enquisa de satisfacción coa docencia recibida" (IN48G-PM-02) continuamos a experimentar unha evidente subida, sen dúbida tamén debida as iniciativas de mellora que neste capítulo fixo o Centro. No curso 2017-18 a taxa é de 43,65%, crecendo dende o 42,16% do curso 2016-17. Certamente, poden seguir a ser taxas mellorables, pero convén reparar, por unha banda, en que dende o curso 2016-17 estamos en taxas do 40, fronte aos cursos 2014-15 e 2015-16 nos que os resultados eran de 31,82 e 33,33 respectivamente e, por outra banda, en que nos cursos 2012-13 e 2013-14 estaban por debaixo do 30%. Aínda que mellorables, resulta, pois, evidente a tendencia alcista, e o actual 43,65% sitúase por riba da media do último quinquenio de 35,91%. Ademais, esta taxa de participación do alumnado nas enquisas debe de entenderse en liña coa "taxa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G-PM-02), que consideramos bastante positiva tanto a un nivel cuantitativo -xa que é de 3,71 (sobre 5 puntos) no curso 2017/18- como a un nivel estatístico -xa que presenta unha gran estabilidade neses valores durante o último sexenio (media de 3,60)- do que inferimos que a actividade docente resulta satisfactoria de forma estable.

En razón de todo o sinalado enriba, constatamos que o desenvolvemento e aplicación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) supón unha ferramenta de gran utilidade e alcance para abrir procedementos de mellora no Centro e á vez para consolidar as boas prácticas de funcionamento.

### 3. Plan de Melloras do Centro

#### Facultade de Filosofía: Plan de Melloras

Rematadas: curso 2017-2018

ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-1 (Curso 2017-18) Facultade de Filosofía
Origen	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análisis causa	Acceso actual mediante escaleiras á tarima do Salón de Actos da Facultade que dificultan o seu uso por parte de persoas con mobilidade reducida
Definición/ descripción proposta	Instalación dunha rampa que corrixa esta limitación e permita avanzar na accesibilidade xeral do edificio
Fechas	Finais 2018
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Decano
Comprobación Acción	
Descripción Comprobación	<b>Comprobación:</b> rampa instalada <b>Seguemento da execución:</b> Constátase a instalación da rampla de acceso á tarima do Salón de Actos da Facultade, corrixindo así a limitación de uso por parte de persoas con mobilidade reducida e avanzando na mellora da accesibilidade xeral do edificio.
Fecha Comprobación	01/12/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-2 (Curso 2017-18) Facultade de Filosofía
Origen	Plan Melloras 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento Criterio 4: Recursos humanos
Análisis causa	Polo seu reducido tamaño o Centro conta con limitados efectivos para facer fronte a todos os procedementos de xestión polo que faise necesario deseñar medios que permitan racionalizar e axilizar as tarefas.
Definición/ descripción proposta	Deseñar e aplicar medios que permitan unha xestión máis áxil e eficaz das reunións das distintas comisións e órganos: convocar as reunións con tempo estimado de duración e tomalo en conta, tanto os presidentes das comisións para dirixir as reunións, como os participantes para orientar as súas intervencións.
Fechas	Finais 2018
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Decano e presidentes das Comisións
Comprobación Acción	
Descripción Comprobación	<b>Comprobación:</b> Actas e convocatorias das reunións <b>Seguimento da execución:</b> Comprobamos que nas convocatorias das distintas comisión e órganos de goberno da Facultade pasa a especificarse "a duración aproximada" da reunión e constatamos a través da participación nas mesmas que os respectivos Presidentes se axustan a ela. Deste xeito, racionalizamos e optimizamos o tempo dos Recursos Humanos do Centro nos procedementos de xestión.
Fecha Comprobación	15/12/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-3 (Curso 2017-18) Facultade de Filosofía
Origen	Memoria calidade 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análisis causa	Deterioro e obsolescencia de material informático que debe ser actualizado progresivamente atendendo ás necesidades máis urxentes.
Definición/ descripción proposta	<p>Adquisición de equipamento informático destinado a substituír o existente, ou a subsanar deficiencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Despachos: aumentar a memoria RAM a 4Ghz dos equipos dos despachos docentes números 206, 213, 317, 322, 323, e 327. Incorporar Discos Duros SSD Despachos docentes números 205, 206, 213, 214, 217, 218, 311, 312, 317, 318, 319, 322, 323 e 327</li> <li>• Sala de Xuntas: equipo informático fixo e splitter para conmutar co sistema de vídeo conferencia.</li> <li>• Seminario 108: susbtitución do canón de proxección</li> </ul>
Fechas	Finais 2018
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Decano/a
Comprobación Acción	
Descripción Comprobación	<p><b>Comprobación:</b> adquisición do equipamento informático</p> <p><b>Seguimento da execución:</b> Comprobamos a adquisición (a través de Asuntos Económicos) e instalación do material informático e de imaxe inventariados nesta Acción. Comprobamos que na AM-01 do Plan de melloras 2018-19 xa se pasan a atender novas necesidades.</p>
Fecha Comprobación	01/12/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-18) Facultade de Filosofía
Origen	Plan de Viabilidade: accións para a proxección social dos estudos de Filosofía
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análisis causa	Escaso recoñecemento e visibilidade das mulleres e achegas femininas no ámbito do pensamento e a filosofía.
Definición/ descripción proposta	Coincidindo coa celebración do día da muller, levar a cabo unha acción simbólica que asocie o ámbito do pensamento e da filosofía coa figura dunha intelectual galega recoñecida como é Concepción Arenal. Instalación temporal dunha estatua desta autora no exterior da facultade. Situar con posterioridade esta instalación con carácter permanente no interior do centro.
Fechas	8 de marzo-maio de 2018
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Responsable de Calidade / Coordinadora do Máster
Comprobación Acción	
Descripción Comprobación	<p><b>Comprobación:</b> presenza da representación escultórica de Concepción Arenal na entrada da Facultade.</p> <p><b>Seguimento da execución:</b> Constatamos que nas datas sinaladas (8 de marzo a 8 de maio) coincidindo coa celebración do Día da Muller, instalouse temporalmente unha imaxe-estatua de Concepción Arenal na Praza de Mazarelos (exterior da Facultade) e que a partir desa data, esta imaxe pasou a situarse, con carácter permanente, no interior do Centro (no andar principal). Comprobamos tamén e por extensión a esta Acción o compromiso do Centro neste sentido, a través da celebración de conferencias sobre o "feminismo", os actos dos mércores contra a violencia de xénero, ou actos reivindicativos sobre as cuestións de xénero.</p>
Fecha Comprobación	31/05/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	



ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-5 (Curso 2017-18) Facultade de Filosofía
Origen	Memoria calidade 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análisis causa	Desocupación de despachos pola xubilación de profesorado
Definición/ descripción proposta	Proceder a unha distribución de despachos valeiros e asignación de novos usos.
Fechas	Finais curso 2017/18
Estado/Eficacia	Executada
Responsables	Decano/a
Comprobación Acción	
Descripción Comprobación	<p><b>Comprobación:</b> realización da distribución e ocupación dos espazos</p> <p><b>Seguimento da execución:</b> Constatamos que se procedeu a unha redistribución dalgúns despachos que quedaron baleiros na Facultade por mor das xubilación correspondentes ao curso 2016-17 e que pasan a reasignarse no curso 2017-18. Comprobamos, tamén, que a AM02 do Plan 2018-19, dadas as novas xubilacións, continúa a mellorar a asignación de usos de espazos e a distribución de despachos entre o PDI que se incorpora.</p>
Fecha Comprobación	30/09/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

## Facultade de Filosofía: Plan de Melloras

### Propostas: curso 2018-2019

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan de Mellora 2018/19.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Feita a revisión do estado dos equipos tecnolóxicos do Centro, identifícanse necesidades informáticas e tecnolóxicas, en dous eixos: a) identificación de novas necesidades informáticas dada a incorporación de novo PDI contratado; b) identificación de danos e obsolescencia de equipos informáticos e tecnolóxicos do Centro, atendendo ás observacións que algúns docentes nos fixeron chegar.
Definición/ descrición proposta	Proposta: Dotación e mellora do equipamento informático e tecnolóxico do centro. Procederase nunha primeira fase á seguinte dotación tecnolóxica: 1 proxector para a aula 1. 1 proxector para o Seminario 108. 4 monitores de mesa para Sala de Xuntas e Seminarios. 1 PC portátil para uso común por parte dos membros da Facultade (a súa disposición na Conserxería). 2 micrófonos co seu respectivo sistema de son para a Mesa Presidencial do Salón de Actos (que só dispoñía dun micro). 2 teclados para PC. 2 ratos para PC. 6 discos SSD, (1 para a mellora do PC do salón de actos, 4 para a mellora dos PC dos seminarios e 1 para a reparación dun PC que se asigna ao recente Profesor contratado da Área de Filosofía). 1 escáner para a Secretaría Administrativa do decanato. 2 impresoras. Comprarase o mesmo modelo de impresora (que tamén será o mesmo que o mercado polo Departamento) para promover, na medida do posible, o aforro no correspondente material funxible.  Poderase atender, segundo dispoñibilidade orzamentaria do Centro, a unha segunda fase de dotación tecnolóxica segundo a identificación de futuras necesidades.
Datas	2018/2019. Primeira fase no primeiro semestre de 2019. Segunda fase no segundo semestre de 2019.
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Decano da Facultade de Filosofía (Marcelino Agís Villaverde).
Comprobación Acción	AM1
Descrición Comprobación	<b>Comprobación:</b> Revisión de ter feitas e instaladas as adquisicións e/ou as reparacións. <b>Seguimento de execución:</b>
Data Comprobación	Decembro 2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan de Mellora 2018/19.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento. Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade de redistribución dalgúns espazos do Centro, motivados: a) pola adxudicación de espazos atendendo a incorporación do novo PDI, b) pola desocupación de espazos motivada pola xubilación de PDI.
Definición/ descrición proposta	Proposta: Redistribución de espazos e determinación de novas ocupacións e usos para os mesmos. Descrición da proposta: a) Nova adxudicación de espazos atendendo a incorporación do novo PDI, Prof. Carlos Pose Varela → Despacho 204. Prof. Xosé Luís Pastoriza → Despacho 205. Prof. Interino Substitución P3 (Área Filosofía) → Despacho 212. Prof. Asociado (Área Filosofía) → Despacho 214. Prof. Asociado (Área Antropoloxía Social) → Despacho 329. b) Redistribución motivada pola desocupación de espazos dada a xubilación de PDI: Prof. M <sup>a</sup> Xesús Vázquez Lobeiras → Despacho 218. Prof. Martín González → Despacho 215. Revista Ágora → Despacho 313. Profs. Visitantes → Despacho 310
Datas	2018/2019
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Decano Facultade de Filosofía (Marcelino Agís Villaverde); Secretaria da Facultade de Filosofía (M <sup>a</sup> Luz Pintos Peñaranda).
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	<b>Comprobación:</b> Conformidade coas novas ocupacións e usos dos espazos. Seguimento de execución:
Data Comprobación	Decembro 2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2018/2019) Facultade de Filosofía.
<b>Orixe</b>	Plan de Mellora 2018/19.
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
<b>Análise causa</b>	Dado o compromiso do Centro coa sustentabilidade e identificado algún deterioro de diversas infraestruturas e mobiliario do Centro.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	<p>Proposta: Mellora dalgúns elementos do Centro, na busca dun maior rendemento e/ou sustentabilidade dos recursos do Centro, actuando por mor do seu deterioro.</p> <p>Descrición da proposta. Trabállase en dúas liñas:</p> <p>a) Tendo identificados algúns danos nos espazos do Centro, propóñense as seguintes melloras:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambio parcial de iluminación na Biblioteca (estratexicamente importante por ser espazo de estudo para o alumnado). Débese substituír a actual iluminación avariada por nova iluminación LED de maior calidade e sustentabilidade.</li> <li>- Cambio de iluminación no vestíbulo do Centro. Débese substituír a actual iluminación avariada por nova iluminación LED. Tamén se instalan novos paneis no teito do vestíbulo dado que os anteriores estaban rotos.</li> <li>- Cambio de iluminación no despacho 322 (Prof. Óscar Horta). Instálase iluminación LED debido aos danos na anterior iluminación.</li> </ul> <p>b) Tendo identificadas algunhas carencias de pequenas infraestruturas e mobiliario do Centro, propóñense as seguintes melloras:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Restitución de pintura. Procede restituír a pintura nalgúns despachos, especialmente desgastada (despachos 329, 328, 205, 212, 213, 214).</li> <li>- Restitución dos danos do chan despacho 328.</li> <li>- Adquisición de 20 cadeiras iguais, para asignar 4 cadeiras por aula destinadas ás exposicións colectivas de traballos feitas en grupos.</li> <li>- Adquisición dunha mesa individual para a aula 4 destinada a optimizar un espazo a carón dunha columna.</li> <li>- Adquisición de dous cabaletes, en distinto tamaño e forma, para a substitución do utilizado no andar principal e outro para uso múltiple.</li> <li>- Adquisición dun <i>plotter</i> coa imaxe institucional para os actos que o requiran.</li> <li>- Actualización da rotulación para identificar os novos espazos así como os despachos do novo Profesorado.</li> <li>- Actualización da distribución das caixas de correo da entrada, motivada polas xubilacións de PDI e pola incorporación de novo Profesorado Contratado.</li> <li>- Adquisición de 5 lámpadas de mesa (3 para os docentes que o solicitaron de acordo coa oferta do Centro e, a disposición na Conserxería, 2 para o uso nas aulas cando o funcionamento do proxector require ter a luz da tarima apagada).</li> </ul>
<b>Datas</b>	2018/2021. Se lle asigna unha larga duración para facer coincidir as reformas coa posibilidade de baleirar os espazos e para repartir nos orzamentos anuais do Centro.
<b>Estado/Eficacia</b>	En execución
<b>Responsables</b>	Decano Facultade de Filosofía (Marcelino Agís Villaverde); Secretaria da Facultade de Filosofía (M <sup>a</sup> Luz Pintos Peñaranda).
<b>Comprobación Acción</b>	AM-3
<b>Descrición Comprobación</b>	<b>Comprobación:</b> Revisión das melloras, adquisicións e actualizacións. Seguimento de execución:
<b>Data Comprobación</b>	1 <sup>a</sup> Fase Decembro 2019; 2 <sup>a</sup> Fase Decembro 2020; 3 <sup>a</sup> Fase Decembro 2021.
<b>Incidencias</b>	
